

ASISTENTES:

Presidente:

Dona Milagros María Otero Parga

Vicepresidente:

Don Pablo Cameselle Martínez

Vogais:

Polo Consello Consultivo

Dona Ana María López Guizán

Polo Consello de Contas

Don Manuel José Santana Suárez

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretario:

Don Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 24 de abril de 2018, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, cuarto andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 17 de abril de 2018, ten lugar a XXI sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma se procede de acordo coa seguinte orde do día:

1º.- Saúda

Unha vez constatado o quorum a Presidenta inicia a sesión cunha benvinda aos membros e informa que escusaron a súa asistencia á reunión, os representantes da Xunta de Galicia Dona Natalia Prieto Viso e Don Javier Enrique Fraga Campo.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 27 de febreiro . de 2018

Constátase o envío da acta da sesión XX a todos os asistentes, polo que non se procede á súa lectura. Dona Ana María López Guizán solicita que no punto cuarto, respecto ao expediente RSCTG 128/2017, se modifique no final do parágrafo incluíndo "...para poder resolver sobre a admisión ou inadmisión da reclamación presentada."

Aceptando os presentes a modificación proposta e non habendo mais observacións á mesma e estando conformes todos os presentes, apróbase por asentimento.

3º.- Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Respecto ao expediente RSCTG 93/2017, do que se presenta á Comisión proposta de arquivo por ter por desistido ao solicitante ao non presentar en prazo a acreditación da representación, tendo en conta que a representación a ten acreditada ante o Concello e a remitiu á Comisión fora de prazo con data do 8 de novembro de 2017 (data de entrada no Rexistro do Concello), e non se emitiu resolución de arquivo por ter ao reclamante por desistido nese momento, considérase procedente que se elabore proposta de resolución sobre o fondo do asunto e se someta á aprobación na seguinte sesión da Comisión.

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Número de expediente	Sentido da resolución
123/2017	Estimado parcial
125/2017	Estimado
1/2018	Estimado.
2/2018	Estimado
3/2018	Estimado por motivos formais.
4/2018	Estimado
5/2018	Estimado
6/2018	Estimado por motivos formais.
7/2018	Estimado.

4º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase celebrar a seguinte reunión o 22 de maio de 2018 ás 12.00.

5º. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 12.35 horas da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.

A Presidenta  Milagros María Otero Parga 	O secretario  Santiago Gonzalez Serrano 
--	--